

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN

Para cumprir co disposto no artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade da obra "Mellora da Aira dos Vintes da Xironda, 2ª fase, no concello de Cualedro", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2011, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora da Aira dos Vintes da Xironda, 2ª fase, no concello de Cualedro", financiada con cargo á subvención concedida pola Consellería de Economía e Industria, mediante resolución do Xefe Territorial de Ourense de 02 de agosto do 2011, ao abeiro da Orde do 22 de febreiro de 2011, para proxectos de adecuación e modernización de equipamentos comerciais do Plan Agora, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 6 de setembro de 2011, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Construcciones Hermanos Carrajo S.A., a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas na Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar a execución destas obras á empresa Construcciones Hnos. Carrajo, S.A., por un importe de 95.200,00 € (IVE e demais tributos incluídos), por ser a oferta máis vantaxosa, xa que o prezo ofertado polos candidatos presentados foi o seguinte:

- Oferta núm. 3 (3), de Construcciones Rúa Vaz S.L., que ofrece un prezo de noventa e cinco mil douscentos oitenta e un euros con cincuenta e catro céntimos (95.281,54 €), IVE incluído.
- Oferta núm. 1 (2), de Adolfo e Benito Cnes S.L., que ofrece un prezo de noventa e cinco mil douscentos cincuenta euros (95.250,00€), IVE incluído.
- Oferta núm. 2 (1), de Construcciones Hermanos Carrajo S.A., que ofrece un prezo de noventa e cinco mil douscentos euros (95.200,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores que se presentaron e publicalo no perfil do contratante.

Terceiro.- Requirir ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo dos oito días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación (artigo 140 da LCSP).

Cualedro, 19 de setembro de 2011

O alcalde,

Luciano Rivero Cuquejo